

FICHA DE PRESENTACIÓN DE UNA PREGUNTA PARLAMENTARIA  
CON SOLICITUD DE RESPUESTA ESCRITA (Artículo 130)Elegir un solo destinatario:

PRESIDENTE DEL CONSEJO EUROPEO

CONSEJO

VICEPRESIDENTA / ALTA REPRESENTANTE

COMISIÓN

Pregunta prioritaria

AUTOR(ES): María Lía Senra Rodríguez

ASUNTO: Rexistros corporais nas prisións  
(especificuese)

## TEXTO:

Nas prisións do Estado español realízanse arbitraria e inxustificadamente, contra a legalidade, cacheos con desnudo integral que violan o dereito á intimidade corporal dos presos/as.

Por exemplo, os funcionarios someteron ao galego Carlos Calvo Varela a máis de 20 cacheos con desnudo integral na prisión de Topas e Villabona, que a Audiencia Nacional declarou nulos e polos que o Estado foi condenado a indemnizar ao preso con máis de 5.000 euros por danos morais. O galego Eduardo Vigo Domínguez foi sometido tamén a numerosos nos últimos anos en prisións de Galiza, Madrid e Toledo, sendo declarados tamén a posteriori ilegais polo tribunal, “carentes de motivación, sen identificar finalidade, superando o canon de proporcionalidade, irracionais”.

Dado que a Carta dos Dereitos Fundamentais da UE prohíbe a tortura e as penas ou tratos inhumanos ou degradantes, e atendendo ao artigo 57 da Resolución do PE 2015/2062 (INI),

Que opinión ten a Comisión sobre os rexistros corporais nas prisións e que medidas pode tomar para instar ao Estado español a erradicar estas accións, visto que a pesar das sentenzas xudiciais e sancións económicas, nas prisións continúan realizándose?

Firma(s):



Fecha: 11/10/2018